



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O
DÍA 28 DE DECEMBRO DE 2009.**

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. MARCOS BLANCO JORGE.

Concelleiros/as :

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN (PSOE).

D. IGNACIO GOMÉZ PÉREZ (PSOE).

D^a MARIA BELEN VAZQUEZ

PADRON (PSOE).

D. JOSE PRIETO PEREZ (PSOE).

D^a. MANUELA IGLESIAS

COLLARTE (PSOE).

D. JOSE PEREZ IGLESIAS (PP).

D^a. SILVIA TABOADA FRANCISCO
(PP).

D. JUAN CARLOS FERNANDEZ

FERNANDEZ (PP).

D. LEANDRO CANITROT

TABOADA (PP).

D^a. CRISTINA PEREZ DOPICO (PP)

D. EMILIO JOSE CUIÑAS OTERO
(BNG).

D. ANXO COLLARTE PEREZ (BNG).

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 7:30 horas do día VINTE E OITO DE DECEMBRO de 2009 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Pablo Portela Fernandez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.

Secretario Xeral:

Pablo Portela Fernández.

Interventor:

Vicente Soto Rodríguez.

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

1.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 26 DE NOVIEMBRE PASADO.

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección a acta do 26 de novembro do 2009, ao que se lle resposta negativamente, resultando aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.-DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN S DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85 , do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 3 de novembro, unha sobre aboamentos

Do 4 de novembro, unha sobre aboamentos

Do 5 de novembro, dúas sobre aboamentos

Do 6 de novembro, unha sobre aboamentos

Do 9 de novembro, vinte, 17 sobre reclamacións en materia de solicitudes de recollida de lixo, dúas sobre reclamacións en materia de solicitudes de exención de IVTM, e unha sobre aboamentos.

Do 10 de novembro, tres, dúas sobre aboamentos e unha sobre denegación de licenza

Do 11 de novembro, unha sobre arquivo de expediente

Do 12 de novembro, tres sobre aboamentos

Do 13 de novembro, catro, dúas sobre aboamentos, unha sobre incoar expediente e outra sobre obras e outras da súa competencia.

Do 16 de novembro, catro, dúas sobre aboamentos e dúas sobre obras e outras da súa competencia

Do 17 de novembro, cinco, dúas sobre aboamentos, e tres sobre concesións de vacacións

Do 18 de novembro, once, catro sobre concesións de vacacións, unha sobre aboamentos, unha sobre arquivo de expediente, dúas sobre demolición de obras, unha sobre incoar expediente, unha sobre expedición de tarxeta de accesibilidade e outra sobre obras e outras da súa competencia.

Do 19 de novembro, dúas, unha sobre concesións de vacacións, unha sobre aboamentos

Do 20 de novembro, unha sobre aboamentos , e, outra sobre arquivo do expediente

Do 21 de novembro, vinte e cinco, unha sobre denegación de ocupación de dominio público a través de vado, 19 sobre solicitudes de bonificación no IBI urbana, unha sobre solicitudes de liquidación de plusvalías, dúas sobre solicitudes de exención de vehículos, dúas sobre reclamacións de solicitudes de baixa recollida de lixo.

Do 23 de novembro, tres sobre aboamentos

Do 24 de novembro, tres, unha sobre remisión de expediente administrativo correspondente ao órgano xudicial e dúas sobre aboamentos

Do 25 de novembro, seis, catro sobre aboamentos, unha sobre tarxeta de accesibilidade e outra sobre arquivo de expediente

Do 26 de novembro, catro, unha sobre concesións de vacacións, dúas sobre aboamentos, e unha sobre obras e outras da súa competencia

Do 27 de novembro, dúas sobre aboamentos

Do 30 de novembro, catro sobre aboamentos

Do 1 de decembro, cinco, catro sobre aboamentos ,e, unha sobre incoar expediente

Do 2 de decembro, dúas sobre aboamentos

Do 3 de decembro, dúas, unha sobre aboamentos e outra sobre concesión de vacacións

Do 4 de decembro, tres sobre aboamentos

Do 9 de decembro, sete, unha sobre aboamentos, tres sobre obras e outras da súa competencia, dúas sobre denegación de ocupación de dominio público a través de vado, e outra sobre aprobación de adhesión do Concello de Ribadavia ó convenio para concesión de subvencións da Deputación Provincial de Ourense.

Do 10 de decembro, cinco, dúas sobre aboamentos, dúas sobre incoar expediente, e, outra sobre concesión de prazo para formulación de alegacións e ordenación de suspensión de obras.

Do 11 de decembro, cinco, dúas sobre aboamentos, tres sobre concesións de vacacións

Do 12 de decembro, unha sobre dar traslado de resolución e concesión de prazo para formular alegacións

Do 14 de decembro, tres, unha sobre incoar expediente, unha sobre demolición de obras, e outra sobre aboamentos

Do 15 de decembro, cinco, dúas sobre aboamentos, dúas sobre multa coercitiva, unha sobre parellas de feito,

Do 16 de decembro, catro, dúas sobre concesións de vacacións, unha sobre iniciación de procedemento tendente a dictar orden de execución e unha sobre obras e outras da súa competencia

Do 17 de decembro, unha sobre ordenación de recuperación de condicións de seguridade e ornato de vivenda, e unha sobre aboamentos

Do 18 de decembro, cinco, tres sobre concesións de vacacións, unha sobre aboamentos, e outra sobre desestimar reclamación de arranxo de obras

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO SOBRE O USO DOS SISTEMAS INFORMATICOS E REDES DE COMUNICACIÓN DO CONCELLO.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Informativa de Fachenda e Contas celebrada o pasado día 22 de decembro que di:

Deliberado sobre o particular a Comisión informativa de Fachenda e Contas por maioría absoluta dos seus membros (cos votos favorables do PSOE e BNG e coa reserva ata o pleno do PP) dictamina favorablemente a proposta de aprobación do regulamento, proponendo ao pleno o seguinte acordo:

1.- Aprobar inicialmente o regulamento sobre o uso dos sistemas informaticos e redes de comunicación.

2.- Proceder á súa publicación no BOP e no Taboleiro de Edictos do Concello durante un prazo de trinta días transcorrido o cal sen que se presente reclamación algunha entenderase definitivamente aprobada.

Iniciase o debate coa intervención do Sr. Cuiñas Otero que manifesta o apoio do seu grupo a aprobación deste regulamento, posto que indirectamente pode implicar unha maior eficiencia laboral e por outra banda evita problemas de contaminación da rede central mediante virus, ou problemas que atenten contra a Lei de protección de datos, sobre todo coa importancia que ten a implantación da administración electrónica a partir de xaneiro do ano 2010.

Interven o Sr. Perez Iglesias, voceiro de Partido Popular outogando o apoio do seu grupo para a adopción do acordo.

Deliberado sobre o particular o Concello pleno por unanimidade dos seus membros adopta os seguintes acordos:

1.- Aprobar inicialmente o regulamento sobre o uso dos sistemas informáticos e redes de comunicación.

2.- Proceder á súa publicación no BOP e no Taboleiro de Edictos do Concello durante un prazo de trinta días transcorrido o cal sen que se presente reclamación algunha entenderase definitivamente aprobada.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CREDITOS Nº3/2009.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Informativa de Fachenda e Contas celebrada o pasado día 22 de decembro que di:

Deliberado sobre o particular a Comisión informativa de Fachenda e Contas por maioría absoluta dos seus membros (cos votos favorables do PSOE e BNG e coa reserva ata o pleno do PP) dictamina favorablemente a proposta de aprobación do expediente de modificación de créditos nº 3/2009 por un importe de 46.542,19 €, proponendo ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Aprobación do expediente de modificación de créditos nº 3/2009 por un importe de 46.542,19 €

Iniciase o debate coa intervención do Sr. Collarte Perez en representación do BNG que manifesta a conformidade do seu grupo coa aprobación desta modificación de crédito, que consideran fundamental para un correcto desenvolvemento das actuacións municipais.

Interven o Sr. Perez Iglesias, voceiro de Partido Popular, explicando que van a votar en contra, xa que consideran que a previsión presupuestaria non foi a correcta e que ademais este tipo de decisións son responsabilidade do goberno municipal que e o que debe adoptalas no seu caso.

En representación do PSOE interven o Sr. Iglesias Sendín, que destaca a necesidade de destinar máis fondos ao Obradoiro de Emprego posto que coa aprobación da última modificación non había fondos suficientes, o cal fai necesaria a aprobación desta nova modificación. Así mesmo recalca que coa aprobación da mesma estase aproveitando tamen a actual baixada de intereses.

Deliberado sobre o particular o Concello Pleno aproba por maioría absoluta dos seus membros (cos votos favorables do PSOE e BNG e votos en contra do PP), adopta o seguinte acordo:

Aprobación do expediente de modificación de créditos nº 3/2009 por un importe de 46.542,19 €

5.-RESOLUCIÓN SOBRE ALEGACIÓN PRESENTADA CONTRA A APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TASA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DE DOMINIO PÚBLICO A

FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE TELEFONIA MOVIL E OUTROS.-

Visto o acordo da sesión plenaria de 29 de outubro de 2009 no que se dicía o seguinte:

Deliberado sobre o particular o Concello pleno por unanimidade dos seus membros adopta os seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente a ordenanza municipal reguladora da taxa por aproveitamento especial de dominio público a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral.

2º.-Proceder á súa publicación no BOP e no Taboleiro de Edictos do Concello durante un prazo de trinta días transcorrido o cal sen que se presente reclamación algunha entenderase definitivamente aprobada.

Visto o acordo de publicación no BOP de data 16-11-09 mediante o que se procedía a publicación inicial da citada ordenanza, establecendo un prazo de trinta días para a presentación de alegacións.

Vistas as intervencións dos diferentes grupos políticos que son as seguintes:

En representación do BNG o Sr Cuiñas Otero que si hai un amparo legal para rexeitar a alegación presentada así debe facerse, posta que a aprobación da ordenanza foi precedida do preceptivo informe de intervención.

O Sr. Perez Iglesias, voceiro de Partido Popular entende que si o ordenamento permite gravar impositivamente a estas entidades e é favorable para o concello, así deberá facerse.

Vista a alegación presentada pola entidade REDTEL, ASOCIACIÓN DE OPERADORES DE TELECOMUNICACIONES con data de R.E 14 decembro de 2009 no que se defendía a ilegalidade da ordenanza aprobada, o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros acorda desestimar a alegación presentada pola entidade REDTEL, ASOCIACIÓN DE OPERADORES DE TELECOMUNICACIONES polas seguintes razóns:

Trala recente Sentencia do Tribunal Supremo de 16-02-09, favorable a aprobación da Ordenanza Fiscal do Concello de Badalona para aplicar unha Taxa por utilización privativa ou de aproveitamento especial do dominio público local realizada por empresas operadoras de telefonía móbil, confirmase en todos os seus extremos a defensa que os concellos fan desta materia, dado que, entre outras, queda claro que:

- As empresas de telefonía móbil sérvense das redes tendidas no dominio público local.
- Prodúcese un aproveitamento especial do dominio local.
- A exclusión que a Lei fai do réxime de cuantificación contido no Artigo 24.1.c) do TRLRHL, non o exclúe da aplicación do réxime xeral contido no apartado a) do mesmo Artigo.

Así si ben non e aplicable o establecido no Artigo 25.1.c) do TRLRHL, si que sería de aplicación o previsto no apartado a) que permite partir como referencia para o cálculo da cuota da taxa, do importe do valor de mercado da utilidade derivada de dita utilización ou

aproveitamento, o cal permite que a Ordenanza Fiscal sinale en cada caso atendendo a natureza específica da utilización privativa ou do proveitamento xeral do que se trate, os criterios e parámetros que permitan definir o valor de mercado da utilidade derivada. Partese do feito de que os operadores de telefonía mobil deben ocupar necesariamente a rede fixa de telefonía instalada no municipio, xa sexa propia ou de terceiros. Así as empresas de telefonía mobil, ademais de utilizar a rede fixa en relación cos metros efectivamente autorizados polas respectivas licencias, levan a cabo un proveitamento indiscriminado da rede fixa de telefonía, a cal fai posible a permanente e efectiva prestación do servizo por parte daquelas, do cal se deduce que ditas empresas realizan o feito impositivo constitutivo da taxa por utilización privativa ou proveitamento especial do dominio público local.

Asimesmo tamén debemos destacar a impotencia da realización do informe técnico económico no que se pon de manifesto o valor de mercado da utilización privativa ou proveitamento especial, o cal consta no expediente de forma detallada.

6.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TASA POR APROVEITAMENTO ESPECIAL DE DOMINIO PÚBLICO A FAVOR DE EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVICIOS DE TELEFONÍA MOVIL E OUTROS.-

Visto o acordo da sesión plenaria de 29 de outubro de 2009 no que se dicía o seguinte:

Deliberado sobre o particular o Concello pleno por unanimidade dos seus membros adopta os seguintes acordos:

1º.- Aprobar inicialmente a ordenanza municipal reguladora da taxa por proveitamento especial de dominio público a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral.

2º.- Proceder á súa publicación no BOP e no Taboleiro de Edictos do Concello durante un prazo de trinta días transcorrido o cal sen que se presente reclamación algunha entenderase definitivamente aprobada.

Visto o acordo de publicación no BOP de data 16-11-09 mediante o que se procedía a publicación inicial da citada ordenanza.

Visto o punto anterior da sesión plenaria no que se desestimaba a alegación presentada por REDTEL, ASOCIACIÓN DE OPERADORES DE TELECOMUNICACIONES polas seguintes razóns:

Trala recente Sentencia do Tribunal Supremo de 16-02-09, favorable a aprobación da Ordenanza Fiscal do Concello de Badalona para aplicar unha Taxa por utilización privativa ou de proveitamento especial do dominio público local realizada por empresas operadoras de telefonía móbil, confirmase en todos os seus extremos a defensa que os concellos fan desta materia, dado que, entre outras, queda claro que:

- As empresas de telefonía móbil sérvense das redes tendidas no dominio público local.*
- Prodúcese un proveitamento especial do dominio local.*

- *A exclusión que a Lei fai do réxime de cuantificación contido no Artigo 24.1.c) do TRLRHL, non o exclúe da aplicación do réxime xeral contido no apartado a) do mesmo Artigo.*

Así si ben non e aplicable o establecido no Artigo 25.1.c) do TRLRHL, si que seria de aplicación o previsto no apartado a) que permite partir como referencia para o cálculo da cuota da taxa, do importe do valor de mercado da utilidade derivada de dita utilización ou aproveitamento, o cal permite que a Ordenanza Fiscal sinale en cada caso atendendo a natureza específica da utilización privativa ou do aproveitamento xeral do que se trate, os criterios e parámetros que permitan definir o valor de mercado da utilidade derivada. Partese do feito de que os operadores de telefonía movil deben ocupar necesariamente a rede fixa de telefonía instalada no municipio, xa sexa propia ou de terceiros. Así as empresas de telefonía movil, ademais de utilizar a rede fixa en relación cos metros efectivamente autorizados polas respectivas licencias, levan a cabo un aproveitamento indiscriminado da rede fixa de telefonía, a cal fai posible a permanente e efectiva prestación do servizo por parte daquelas, do cal se deduce que ditas empresas realizan o feito impoñible constitutivo da taxa por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

Asimesmo tamén debemos destacar a impotancia da realización do informe técnico económico no que se pon de manifesto o valor de mercado da utilización privativa ou aproveitamento especial, o cal consta no expediente de forma detallada.

O concello pleno por unanimidade dos seus membros adopta os seguintes acordos:

- a) Desestimar a alegación presentada por REDTEL, ASOCIACIÓN DE OPERADORES DE TELECOMUNICACIONES con data de R.E 14 decembro de 2009
- a) Proceder a aprobación definitiva da Ordenanza Fiscal Reguladora da Tasa por aproveitamento especial de dominio público a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía movil e outros.
- b) Proceder a publicación definitiva da ordenza de acordo co texto da aprobación provisional para a súa entrada en vigor definitiva.

7.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DE PROXECTO SOBRE ADMINISTRACIÓN ELECTRONICA.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ao dictame da Comisión Informativa de Servizos celebrada o pasado día 22 de decembro que di:

Deliberado sobre o particular a comisión informativa de servizos informa favorablemente a proposta (cos votos favorables do PSOE e do BNG) proponendo ao pleno a adopción dos seguintes acordos:

- 1) *Aprobar o proxecto de administración electrónica.*
- 2) *Aportar a cantidade de 21.000 euros para a financiación de dito proxecto.*

Iniciase o debate coa intervención do Sr. Collarte Perez en representación do BNG que explica a implantación da nova lexislación en materia de administración electrónica, que establece determinadas obrigas como os rexistros telemáticos, polo cal entende da necesidade de aprobar este acordo.

Interven o Sr. Perez Iglesias, voceiro de Partido Popular que apoia este acordo posto que hai que estar ao día ou senón o concello pode quedarse rezagado.

En representación do PSOE O Sr Gómez Pérez insite en que se trata do cumprimento dunha obriga legal,e que ademais ao contar co apoio de deputación vai suponer un importante aforro.

Deliberado sobre o particular o Concello pleno por unanimidade dos seus membros adopta os seguintes acordos:

1)Aprobar o proxecto de administración electrónica.

2)Aportar a cantidade de 21.000euros para a financiación de dito proxecto

8.-MOCIONS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

MOCIÓNS:

1ªMOCIÓN.

Polo concelleiro do BNG o Sr Collarte Pérez propónse ao pleno a seguinte moción:

Foi recentemente publicado polo Concello de Ribadavia o libro Judios e inquisición en Ribadavia. Realizouse unha tirada de mil exemplares, cos que atenderá a compromisos institucionais como agasallo a personalidades relevantes para o Concello de Ribadavia. Para o resto da tirada prevese a súa distribución comercial en librerías e na propia Oficina Municipal de Turismo, polo que se propón a aprobación do seguinte prezo público.

- O prezo de venda ao público (PVP) do libro Judios e Inquisición en Ribadavia, de Gloria de Antonio Rubio e editado polo Concello de Ribadavia, é de 12 euros.

- A distribución comercial do libro poderá realizarse a través de librerías e demais establecementos de venda de libros que o soliciten a través de dúas vías:

a) Depósito. Neste caso o Concello percibirá do vendedor 8 euros por cada libro unha vez vendido e mediante liquidacións periódicas. Os exemplares seguirán sendo propiedade municipal mentres non sexan comercializados e poderá ser reclamada a súa devolución por parte do Concello.

b) Liquidación. O Concello percibirá 7 euros por cada libro no momento en que os exemplares sexan enviados ás librerías para a súa comercialización.

- A Oficina Municipal de Turismo de Ribadavia poderá comercializar Judios e Inquisición en Ribadavia sendo o seu prezo público de 12 euros.

- A Intervención e Tesourería municipais, xunto coa Oficina Municipal de Turismo contabilizarán as entradas e saídas de exemplares así como os fondos xerados, que poderán ser empregados en novas accións de promoción cultural e turística de Ribadavia.

Foi recentemente publicado polo Concello de Ribadavia o libro 25 Anos,Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia. Realizouse unha tirada de cincocentos exemplares, cos que atenderá a compromisos institucionais como agasallo a

personalidades relevantes para o Concello de Ribadavia. Para o resto da tirada prevese a súa distribución comercial en librerías e na propia Oficina Municipal de Turismo, polo que se propón a aprobación do seguinte prezo público.

- O prezo de venda ao público (PVP) do libro 25 Anos,Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia editado polo Concello de Ribadavia, é de 24 euros.

- A distribución comercial do libro poderá realizarse a través de librerías e demais establecementos de venda de libros que o soliciten a través de dúas vías:

a) Depósito. Neste caso o Concello percibirá do vendedor 16 euros por cada libro unha vez vendido e mediante liquidacións periódicas. Os exemplares seguirán sendo propiedade municipal mentres non sexan comercializados e poderá ser reclamada a súa devolución por parte do Concello.

b) Liquidación. O Concello percibirá 14 euros por cada libro no momento en que os exemplares sexan enviados ás librerías para a súa comercialización.

- A Oficina Municipal de Turismo de Ribadavia poderá comercializar 25 Anos,Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia sendo o seu prezo público de 24 euros.

- A Intervención e Tesourería municipais, xunto coa Oficina Municipal de Turismo contabilizarán as entradas e saídas de exemplares así como os fondos xerados, que poderán ser empregados en novas accións de promoción cultural e turística de Ribadavia.*

Foi recentemente publicado polo Concello de Ribadavia o libro Octavius Augustus, Augusta e Memoria Helena e Maria. Realizouse unha tirada de cincocentos exemplares, cos que atenderá a compromisos institucionais como agasallo a personalidades relevantes para o Concello de Ribadavia. Para o resto da tirada prevese a súa distribución comercial en librerías e na propia Oficina Municipal de Turismo, polo que se propón a aprobación do seguinte prezo público.

- O prezo de venda ao público (PVP) do libro Octavius Augustus, Augusta e Memoria Helena e Maria, editado polo Concello de Ribadavia, é de 6 euros.

- A distribución comercial do libro poderá realizarse a través de librerías e demais establecementos de venda de libros que o soliciten a través de dúas vías:

a) Depósito. Neste caso o Concello percibirá do vendedor 4 euros por cada libro unha vez vendido e mediante liquidacións periódicas. Os exemplares seguirán sendo propiedade municipal mentres non sexan comercializados e poderá ser reclamada a súa devolución por parte do Concello.

b) Liquidación. O Concello percibirá 3,50 euros por cada libro no momento en que os exemplares sexan enviados ás librerías para a súa comercialización.

- A Oficina Municipal de Turismo de Ribadavia poderá comercializar o libro Octavius Augustus, Augusta e Memoria Helena e Maria sendo o seu prezo público de 6 euros.

- *A Intervención e Tesourería municipais, xunto coa Oficina Municipal de Turismo contabilizarán as entradas e saídas de exemplares así como os fondos xerados, que poderán ser empregados en novas accións de promoción cultural e turística de Ribadavia.*

Procedese a votación de urxencia que se acada por unanimidade dos membros do concello pleno.

Interven o Sr. Perez Iglesias, voceiro de Partido Popular, manifestando que están a favor da aprobación da moción, aínda que insiste en que esos asuntos deberían pasar previamente o filtro da comisión informativa correspondente.

Deliberado sobre o particular o Concello Pleno por unanimidade dos seus membros adopta o seguinte acordo:

Aprobar o prezo público do libro Judios e Inquisición en Ribadavia sendo o seu prezo público de 12 euros, coas condicións previstas no acordo transcrito anteriormente.

Aprobar o prezo público do libro 25 Anos, Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia sendo o seu prezo público de 24 euros, coas condicións previstas no acordo transcrito anteriormente.

Aprobar o prezo público do libro Octavius Augustus, Augusta e Memoria Helena e Maria. sendo o seu prezo público de 6 euros, coas condicións previstas no acordo transcrito anteriormente.

2ª MOCIÓN.

Polo Sr Alcalde presentase unha moción relativa a recuperación e promoción do Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro en colaboración coa asociación Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro.

Procedese a votación de urxencia que se acada por unanimidade dos membros do concello pleno, procedéndose posteriormente a votar o fondo do asunto que se acada por unanimidade dos seus membros adoptando o seguinte acordo:

Mostrar o seu apoio a recuperación e promoción do Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro en colaboración coa asociación Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro.

ROGOS.

O Sr. Canitrot Taboada en representación do PP formula os seguintes rogos:

- 1.- Que se arranxe unha perda de auga na casa da Lucila.
- 2.- Que se arranxe unha alcantarilla rota diante da casa do Rodicio.

O Sr. Alcalde contestalle que a titularidade da estrada e da COTOP, polo cal se pedirá informe a Policia Local e posteriormente se enviará a documentación para o seu arranxo.

Dona Silvia Taboada Francisco en representación do PP formula os seguintes rogos:

- 1.- Que se manteña o horario dos villancicos estipulado.
- 2.- Na rua San Martín uns canos rotos salpican auga a rua e pide que se arranxen.

O Sr. Alcalde contestalle que se dictará a correspondente orde de execución para que o particular cumpra coa súa obriga de manter a edificación en condicións de ornato.

O Sr Pérez Iglesias en representación do PP formula os seguintes rogos:

- 1.- Que se proceda ao arranxo dos buratos da estrada de baixada a Arnoia.
O Sr. Alcalde contestalle que xa se levaron as maquinas para proceder ao seu arranxo pero o problema e que coas condicións meteorolóxicas adversas non e posible votar o cemento posto que con carácter case inmediato se producen desperfectos.
- 2.- Na Avenida do Ribeiro fronte da tenda dos Chinos hai un burato que debe arranxarse.
O Sr. Alcalde contestalle que a estrada e titularidade da COTOP e se lle pondrá en coñecemento esta circunstancia para que proceda ao seu arranxo.
- 3.- Que nos actos públicos se lles de comunicación para que poidan asistir aos mesmos.
O Sr. Alcalde constestalle que o acto de inauguración de alumeado non foi un acto publico e que so asistiron el e o Concelleiro de Obras.
O Sr. Prieto agrega que xa se informou de que este acto ia ter lugar na súa comisión informativa polo cal xa tiña coñecemento deste feito.

PREGUNTAS:

O Sr Pérez Iglesias en representación do PP formula a seguinte pregunta:

- 1.- En relación coa selección do auxiliar da Policia Local si e legal que se circunscriba a mesma a Policias do Concello de Ribadavia.
O Sr. Secretario contestalle que a aprobación das bases de selección foi precedida do informe xurídico con carácter favorable, e que dado a especialidade da selección deste tipo de persoal a normativa que a ampara pode establecer peculiaridades respecto do rexime xeral de selección.

Asimesmo o Sr Interventor aclaralle un dos aspectos das bases referidos a puntuación dos aspirantes.

Concluído o anterior, ás dez menos vinte da noite, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio sinalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE ,

O SECRETARIO,

